

RECOMENDACIÓNS MUSICAIS E ARTÍSTICAS



**OS CATIVOS DESCUBRIRÁN A
MAXIA DA MÚSICA DE MOZART
AO PREMER NOS BOTÓNS EN
CADA PÁXINA PARA ESCOTTAR AS
DISTINTAS MELODÍAS.**

**A ORQUESTRA DE ANIMAIS ESTÁ DE XIRA POLO BOSQUE E
VAI TOCANDO AS PEZAS MUSICAIS AO TEMPO QUE
CONTA FEITOS INTERESANTES SOBRE UN DOS
COMPOSITORES MÁIS FAMOSOS DA HISTORIA.**



**A ARTE COMO ACCIÓN CREADORA PARA INICIAR
VERDADEIROS CAMBIOS EDUCATIVOS, BASEADOS NO
DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS PERSOAIS QUE
FOXEN DAS RESPOSTAS ESTEREOTIPADAS E
CONVENCIONAIS.**

FELICES FESTAS!




CEIP Plurilingüe

Sestelo – Baión



RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA ESTE NADAL



BIBLIOBAIÓN



TERCEIRO CICLO E. P.

5º



KHOEDI, UNHA NENA DE DEZ ANOS, TEN QUE DEIXAR A SÚA CASA DE CASAMENCE, UNHA REXIÓN AO SUR DO SENEGAL, PARA INSTALARSE EN VIGO, A CIDADE ONDE O SEU PAI XA LEVA VARIOS ANOS EMIGRADO.

NA NOVA TERRA, A VIDA É DURA PARA KHOEDI: NON COÑECE A NINGUÉN E TODO LLE RESULTA DIFERENTE. ESTÁ EN EUROPA, MAIS A SÚA CABEZA E O SEU CORAZÓN CONTINUÁN EN ÁFRICA..

O ÚNICO LAZO ENTRE A NOVA REALIDADE E O MUNDO QUE DEIXOU ATRÁS É A LÚA QUE BRILLA NO CEO POLAS NOITES, QUE SERVE, ADEMAIS, PARA MARCAR O PASO DO TEMPO.



TERCEIRO CICLO E. P.

5º



LÍA TEN DEZ ANOS E A SÚA NAI CRE QUE É MOI MADURA PARA A SÚA IDADE. CLARO QUE O RESTO DA XENTE PENSA TODO O CONTRARIO, SOBRE TODO O PAI, QUE SE BURLA DELA PORQUE SE NEGA A FALAR.

UNHA NOITE, LÍA FOXE DA CASA E AGÓCHASE DETRÁS DUNS ARBUSTOS ESQUIVANDO A PERSECUCIÓN DO SEU PAI..

NA COMPANHÍA DE GLOK, UN TRASNO IMAXINARIO, EMPRENDE UNHA AVENTURA FANTÁSTICA POR UN MUNDO MÁXICO, SOTERRADO BAIXO A CIDADE DE PONTEVEDRA.



TERCEIRO CICLO E. P.

5º



INÉS DE CASTRO, A RAÍÑA GALEGA QUE FOI COROADA EN PORTUGAL DESPOIS DE MORTA. ESTA LENDA, UNHA DAS MÁIS FAMOSAS DA EUROPA MEDIEVAL, RENACE NOS OLLOS E OS PINCEIS DE LAURA SUÁREZ, QUE ACTUALIZA O MITO NUNHA OBRA CHEA DE COR, IMAXINACIÓN E POESÍA.

XIX PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL.



TERCEIRO CICLO E. P.

6º



DISQUE OS OBXECTOS SON QUEN DE GARDAR O PASADO E MANTELO VIVO PARA NÓS. CON ESTE LIBRO VAS COÑECER COMO ELEMENTOS TAN COTIÁNS COMA UNHA CAMPÁ, UN CARRO, UNHA MOEDA OU UN RELOXO NOS COMUNICAN COA HISTORIA DE GALICIA.

POLAS PÁXINAS DESTA OBRA DO HISTORIADOR DAVID GESTEIRA PASAN LIBROS PRODIXIOSOS, FERRAMENTAS DO PASADO, EDIFICACIÓNS SENLLEIRAS E MULTITUDE DE HISTORIAS DO NOSO POBO.



TERCEIRO CICLO E. P.

6º



PREPÁRATE PARA UNHA VIAXE POLO APAIXONANTE MUNDO DOS COGUMELOS OU, MELLOR DITO, POLO REINO SUBTERRÁNEO DOS FUNGOS, ESES SERES CON MALA SONA, PERO INDISPENSABLES PARA MANTER VIVO O PLANETA.

NESTE LIBRO HAI FUNGOS VLENOSOS, CURATIVOS, ZOMBIS, CARPINTEIROS, TUBÉRCULOS MÁIS CAROS QUE O OURO, COGUMELOS DIMINUTOS... UN REINO OCULTO E FASCINANTE POR DESCUBRIR.



TERCEIRO CICLO E. P.

6º



OS IRMÁNS ANTÓN, CAROLA, SABELA E IRIA, CO SEU CAN VENRES, INVESTIGAN UN MISTERIO: O ROUBO DO FAMOSO TORQUE DE BURELA NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

OS PROTAGONISTAS TERÁN PROBLEMAS DURANTE A SÚA INVESTIGACIÓN. PODERÁN RESOLVELOS?